

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (INEGA) E A FUNDACIÓN EMPRESA-UNIVERSIDAD GALLEGA PARA A FORMACIÓN PRÁCTICA DE TITULADOS DO SISTEMA UNIVERSITARIO GALEGO (SUG) E DE FORMACIÓN PROFESIONAL A TRAVÉS DE PROGRAMAS DE BECAS DE FORMACIÓN.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director do Instituto Enerxético de Galicia (Inega)

DECLARA:

Que esta entidade de dereito público ten previsto formalizar co Fundación Empresa-Universidad Gallega o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre o Inega e Feuga para a formación práctica de titulados do Sistema Público Galego a través dos seus Programas de Becas (PB) co fin último potenciar a formación dos recentes titulados e preparar a súa futura incorporación o mundo laboral.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 21 de xullo de 2017

